

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 11 DE AGOSTO DE 2010**

---

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día once de agosto deste ano, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa en funcións, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 4 de agosto de 2010.

### **ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase conceder as seguintes licenzas: para demolición de alpendre para galiñeiro, sito nas Regas, número 49, A Campiña; para recheo de terras nas parcelas 67 e 68 do polígono 113, sitas en Amieiros; e para cambio de cuberta en estabulación sita no núcleo rural tradicional de Portafontao, parroquia de San Miguel de Bacurín.

**2. XESTIÓN.-** Acórdase retirar da orde o día o expediente contradictorio de ruína técnica e urbanística do inmovible núm. 102 da rúa Dona Urraca. Declaración de ruína técnica e urbanística.

Así mesmo, acórdase retirar da orde do día o expediente de resolución de alegacións e aprobación definitiva do “Proxecto de expropiación para a execución das obras de infraestrutura do Plan Paradai na calzada das Gándaras”.

### **ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO**

**ACTAS E GOBERNO**

LRP/mbfc

Ref#: 110810\_XuntadeGobernoLocal.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 11-8-2010

**3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.-** Acórdase autorizar a redacción de proxecto modificado de obras de construción do Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL).

Acórdase adxudicar provisionalmente a contratación das obras de repavimentación no recinto histórico, rúa da Raíña e rúa San Froilán.

Tamén se acorda a adxudicar provisionalmente a contratación da prestación das actividades de animación sociocultural levadas a cabo pola Concellería de Xuventude.

Acórdase aprobar o proxecto técnico e o prego de cláusulas administrativas particulares así como o gasto, a adxudicación por procedemento aberto e a apertura do procedemento de adxudicación para a contratación das obras de peonalización e adecuación do contorno da rúa San Marcos na cidade de Lugo.

Acórdase a aprobación do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Lugo para a tramitación de expedientes de rehabilitación e financiamento dos gastos de mantemento das oficinas municipais de rehabilitación - portelos únicos de información e xestión do plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012 e doutras actuacións das políticas de vivenda (2010), e acordos complementarios.

Lugo, 11 de agosto de 2010  
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García